



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE MARZO DE 2013

LICENZAS

LIC/59/2013.- JOSE MANUEL FERREIRO FERREIRO.- Conceder licenza para reforma de cuberta de fachada de vivenda unifamiliar no lugar de Cortos, 6.

LIC/336/2008.- URBAN MAHÍA, SL.- Conceder licenza para modificación de licenza outorgada na Xunta de Goberno Local do 1 de febreiro de 2009 para construción dun edificio de 142 vivendas en dous bloques, locais comerciais, garaxes e trasteiros en Choupana, SUP-5.2, quinteiros 6 e 7.

LIC/1762/2012.- HOSTAL SAN LORENZO, SL.- Denegar licenza para derruba parcial e de nova envolvente da cuberta paralizada do hotel na rúa de San Lourenzo, 2.

LIC/31/2013.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Conceder licenza para restauración do monumento de San Francisco, na rúa do Campiño de San Francisco

LIC/1922/2012.- NOEMI VARELA OTERO.- Conceder licenza para rehabilitación de edificio de dúas vivendas na rúa dos Lagartos, 10.

PARCELACIÓNS/SEGREGACIÓNS

LIC/25/2013.- EMILIA NAVEIRO GARABAL.- Denegar licenza de segregación no lugar de Tras Veá-Cesar.

LIC/212/2013.- DOLORES DÍAZ FONTAO.- Conceder licenza de parcelación no lugar de Pereiras do Eixo.

LIC/281/2013.- MANUEL RODRIGUEZ VARELA.- Conceder licenza de parcelación no lugar de Correxíns.

LIC/260/2013.- MERCEDES FERREIRO.- Conceder licenza de parcelación na rúa da Cantaleta, 10.

LIC/217/2013.- HOSTAL SAN LORENZO, SL. - Conceder licenza de parcelación no lugar de Tras da Igrexa.

LIC/984/2011.- HERDEIROS DE DOMINGO MARTINEZ PUENTE.- Conceder licenza de parcelación na rúa de San Marcos.

OBRA E APERTURA

LIC/951/2012 E LAP/99/2011- MANUELA CASTRO LISTE.- Conceder modificación da licenza de obra de construción e de apertura de estabulación de gando vacuno en Castiñeira Pequena, outorgada na Xunta de Goberno Local do 4 de outubro de 2012.

APERTURAS

LAP/230/2012.- CASTY ROMR, SL.- Legalización de actividade de taller de reparación de vehículos na Vía Pasteur do polígono do Tambre, 11.

LAP/39/2009.- XFERA MOVILES, SA.- Denegar licenza de instalación de estación de telefonía móbil na rúa do Camiño Real de Vidán, 21.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/294/2013.- UNIKA PROYECTOS UNIFAMILIARES, SA ...LIC/152/2008 1.500 €

LIC/312/2013.- JUAN MANUEL NEIRO PULLEIROLIC/2233/2008 3.000 €

LIC/140/2013.- AMABLE COTON ALBOR LIC/1242/2008 1.500 €

LIC/240/2013.- MARIA ANGELES ROMAR GERPELIC/1037/2012 1.000 €

4.- Informes en expedientes de actividades clasificadas.

Apróbase o punto.

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á denegación dunha axuda de carácter social.

A XGL aprobou denegar esta axuda por non cumprir os requisitos do Regulamento MAPIS (Proxecto de Medidas de Apoio para a Prevención e Integración Social).

6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do proxecto básico e de execución da obra de cubrición da bancada do campo de fútbol de San Lázaro.

A Concellaría de Deportes considera necesario acometer a cubrición da bancada do campo de fútbol de San Lázaro (SERGAS) con fin de facilitar o desenvolvemento das propostas deportivas que se están a realizar. Visto o anterior, a XGL aprobou o proxecto do arquitecto D. Jorge Barata Martínez, que supón un investimento inicial de 90.683,64 €.

7.- Diversas propostas en materia de persoal.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Persoal en relación á interpretación dos supostos de hospitalización, intervención cirúrxica e IT derivada de embarazo que permiten aplicar un complemento do 100% na retribución do persoal do Concello.

8.- Traspaso da caseta NA346, titularidade do Mercado de Abastos, a favor de MANUELA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ.

Apróbase o traspaso.

9.- PERMUTA DAS CASETAS NA347, titularidade de JOSE RIVERA MAGARIÑOS, coa CASETA NA351, titularidade de MANUELA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ

Apróbase a permuta.

10.- PERMUTA DAS CASETAS NC40, titularidade do Concello de Santiago, coa CASETA NC53 titularidade do Mercado de Abastos de Santiago S. Coop. G.

Apróbase a permuta.

11.- Prórroga do contrato Subscrición de diversas pólizas de seguro para a cobertura dos riscos por Responsabilidade Civil-Patrimonial do Concello de Santiago.

A XGL aprobou a prórroga deste contrato por un importe de 9.375 € ata o 30 de abril de 2013. Tempo suficiente para a formalización do novo contrato.

12.- Prórroga do contrato de Subscrición de diversas pólizas de seguro para a cobertura dos riscos colectivos de Accidentes do Concello de Santiago.

A XGL aprobou a prórroga deste contrato por un importe de 1.631,25 € ata o 30 de abril de 2013. Tempo suficiente para a formalización do novo contrato.

13.- Proposta da Concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á autorizar ao Concello de Ames á execución reparación do firme no Polígono Industrial do Milladoiro.

A proposta da Concelleira da Área de urbanismo, a XGL aprobou autorizar ao Concello de Ames para a realización de obras de reparación do firme no Polígono Industrial do Milladoiro, concretamente na Avda. do Muíño Vello que se atopa no termo municipal de Santiago de Compostela.

14.- Proposta da concelleira da área de Servizos Sociais relativa a resolución de incidencias na xestión de bolsas de comedor escolar, curso 2012-2013.

Resólvense as incidencias.

URXENCIAS

- Aprobación de MAPIS
- Apróbase a sinatura dun convenio coa Xunta de Galicia para a posta en marcha dun programa de animación á lectura na rede de bibliotecas dos centros socioculturais.
- Prorrógase o servizo de asistencia xurídica.
- Solicítase a desafectación dunha zona do CEIP Santiago Apóstolo para dedicalo a centro para a xuventude.
- Dase conta da comisión de investigación sobre as facturas.